

“Unha afirmación inxusta”

Artigo no que Ramón Villar Ponte resposta a outro
no que Fernández Armesto nega que Rosalía sexa poeta
Fonte: A Nosa Terra, p. (25-7-1929)



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tel: +34 981 957 202/ Fax: +34 981 957 205 / xenero@consellodacultura.org

En Punteareas publícase un semanario tidoado «El Tea» que xa ten 22 anos de existencia no que aparece sempre unha sección tidoada «Fuchicadas» que firma Pedro Borreiro.

Pretende estar escrita en galego e resulta un pisto repulsivo e antipático. Os temas que inspiran esta sección son casi sempre burdos e groseiros e moitas veces estivesmos tentados de decirlle algo ao Borreiro ese. Por non darlle importancia fúmolo deixando mais resulta que no número correspondente ao 13 d'este mes rebasa xa os límites da pacencia e publica un traballo do mais indecente e groseiro que xa non pode pasar sin que lle chamemos a atención. Francamente non hai dereito a decir certas cousas en letras de molde. ¿Para cando queda a boa aplicación da censura previa?

A nós, con franqueza, indignanos esto porque ven escrito en galego e como temos da nosa fala un concepto mais elevado do que parece ter o obsceno Borreiro ese, temos hoxe que decirlle que faga o favor de escribir n'outro idioma as súas groserías ou si ha de escribir en galego que o use como é debido, correctamente e finamente como corresponde. Pasaron xa os tempos en que somentes en galego escribíanse cousas como esas «Fuchicadas».

Siga decindo indecencias si os lectores do semanario llo consinten pero non se valla para eso da nosa fala que meresce outro tratamento mais aínda hoxe en que se está afirmando por medio de formidables páxinas literarias e por firmas ben acretadas a quenes desdora e lixa a intromisión de calquer Pedro Borreiro. Pense ben no dito e non faga que teñamos que nos valer d'outros medios para impedir definitivamente que deshonre d'ese xeito a fala galega.

Traducimos d'un xornal da Cruña: «Trátase de solicitar d'el Rey o marquesado de Linares Rivas pra este querido paisano que ben merez un título de Castela...»

Conformes.



A miña estrela

A Antón Fraguas.

Humildade sinxela
corazón esgrevio.

Tefio unha arela
outa... outa, moi outa
coma unha estrela.

★

Iza á vela marifeiro, que este vento e vento noso
vento forte, marifán.
Iza á vela marifeiro, hastra dar cô noso chan
Chán da Terra forte e roxa
Chán da Terra sante e nosa
Iza á vela marifeiro
Hastra dar cô noso chan.

★

Miña nao que non navege
Pol-a mar emporcallada
Busca a Terra desexada
E hastra dar cô noso chan
Loitara ¡malpocadiñal
Hastra que afonde no leite
E no escuro cañaleito
Berrará ¡ben sabes til...
Iza á vela marifeiro
Que este vento e vento noso
vento forte... marifán.

CAMILO DÍAZ BALIÑO

Unha afirmación inxusta

Fai algún tempo que Fernández Armesto, tan coñecido pol-as suas voutades, publicou un longo traballo—o derradeiro até a data—un importante xornal galego. Moitas, moi

diversas e até abraiantes son as afirmacións que o artigolista fai no aludido traballo. Mais elas, adoitado como está un a todo, non houberan ocasionado istas liñas si antre as afirmacións estampadas pol-o Armesto no seu traballo non figurase unha qu'eu, inda que curado d'espanto por tantas cousas como n-istes tempos se lén, non quero deixar de recollere cumpridamente.

Dí Fernández Armesto falando de Rosalía Castro: «A Rosalía sefallama hoy en Galicia, Santa y Azorín la ha llamado divina, Rosalía ha sido una mujer excepcional, santa o divina, más no poeta». Fixácheste ben, lector, no que findas de lère? Rosalía, como oílas, asegún a manifestación de Fernández Armesto, foi unha muller que, como muller, puido chegare ao eiscepcional; puido chegar até a santidad. Mais Rosalía, contra do que coidábamos e seguimos coidando —perdoe o Sr. Armesto— non soio os seus compatrianos sinón tamén todos cantos se ocuparon de cousas de poesía na Hespaña, non foi poeta. O Sr. Fernández Armesto o dí. E o dí rotunda e decididamente con un aquel de home que pronuncia a derradeira verba.

Como comprendes, lector amigo, hai afirmacións d'escriutores que deben acollérense decote con indifrenza por moi *epatantes* i-espectaculares que sexan, xa que d'elas nada pode sortire como non sexa o ridículo pra os que as fan seguramente que movidos por unha insinceridade e unha cohiza de notoriedade moi grandes. Mais hai outras afirmacións —son por fortúa as menos— qu'en modo algún se deben deixar pasare. De tal xeito é a que referente a Rosalía Castro, ao noso mais ergueito e puro valor literario, fixo o escritor tantas vegadas citado. Tal afirmación ten todas as características de un aldraxe e como tal ofende, magoa e fire os sentimentos de todos os que participamos no culto cordial —admiración e devoción a plenitude— a eiscela cantora do Sar, a inmortal muller que, cicais como ninguén, honrou a sua patria.

Rosalía, pese ao que díxo, cicais n-un momento de ofuscación, Fernández Armesto, foi, é será decote, na Galiza e fora da Galiza, un enorme poeta, un eiscelso e xurdío poeta cuío nome inesquecente e lumioso se

axiganta a medida que o tempo anda a pasare, adequirindo proporcións pouco adoitadas dentro da poesía peninsuar. E isto non é porqu'eu o diga sinón porque, como ninguén iñora, na lembranza de todos, vivos e late-xantes se achan os xuízos que da doce cantora de Follas Novas fixeron en difrentes e abundosas ocasións as meirandes i-escrirecidas autoridades literarias.

Falando do noso poeta dí Azorín, o mestre Azorín, un dos millores, ou cicais o millor coñecedor dos verdadeiros valores literarios que na Iberia xurdiron a vida: «Quien sea artista, quien sienta hondamente la lírica, se quedará maravillado al leer por primera vez el libro de Rosalía Castro en las orillas del Sar». E dimpois de amostrare o seu abraiamento e até a sua indignación porque estonces, e ainda posteriormente, a sua autora non fose considerada «como lo que realmente es: como uno de los más grandes poetas de nuestra patria», romata o traballo de que copiamos manifestando que «Rosalía es el más grande lírico de la mitad de nuestro siglo XIX: por lo menos de sensibilidad lírica más exquisita y delicada; y desde luego, indiscutiblemente, el precursor de la admirable pléyade lírica actual».

Gabriel Alomar, o eisquisito prosista e pensador catalán, ao referirse a Rosalía n-unhas liñas admirábeis como todo o que da sua pruma surte, se manifesta eisí. «Rosalía Castro no es una poetisa dialectal, vernacular, verbo moribundo o desmayado de una región, de un grupo geográfico sin conciencia ni voluntad de pueblo. Es el lazo viviente entre el celtismo español y el lusitano... Es el lazo viviente entre Galicia y las gloriosas hermanas unidas a ella por comunidades etnológicas: la heroica Valonia, la intrépida Galla, el noble Gales, el generoso Portugal. Y es también el lazo que une esa Galicia, que vió un día el florecimiento ciudadano de la hoy sepultada Atlántida, con nuestra Cataluña que la cantó, con nuestra Cataluña, sedienta hoy de una gloria personal que la gran Rosalía entrevió también para su raza».

O admirado poeta e crítico de sona e autoridade unanimamente recoñecida, Enrique Díez Canedo, manifesta a sua devoción por

Rosalía en liñas como as que síguen: «El lirismo, cualidad excelsa de los poetas grandes, de los que saben expresar directamente su alma, es cualidad predominante en Rosalía Castro... El verso alejandrino triunfa en Rosalía, que casi siempre lo asonanta, en toda su íntima y humana amplitud... Música es lo que hay ante todo en los versos de Rosalía Castro. Su parentesco con Becquer y con Heine no se puede negar». E dim pois de faguere con referencia á magna poetisa galega varias afirmacións que a colocan n-un posto ergueito de poucos abranguido, remata o seu acertado estudo decindo: «Hay que dar a Rosalía, entre nuestros poetas, un lugar eminente. Hay que reconocer que nadie como ella fundió su espíritu en el crisol de la estrofa y que de la abundancia de su inspiración nacieron sus extraordinarias adivinaciones métricas. Y los poetas de hoy, los que quieren decir cosas del alma en versos que solo obedezcan a una ley interior de armonía, formulada por cada uno en cada caso, han de ver una precursora en la mujer extraordinaria que escribió el libro titulado «En las orillas del Sar».

Os xuízos laudatorios podrían seguirse insertando. Mais eu coído que non é necesario, e que cos que denantecedon abonda: Emporiso, eu non quero findar istas liñas, qu'en certo senso puideran chamarse reivindicatorias, sen lle decir a Fernández Armesto que Guimerá, o admirabel creador de «Terra Baixa» chamou a Rosalía, n-un discurso inaugural do Ateneo barcelonés, «incomparable e xúrdia»; que Unamuno, o non doadamente contentadizo Unamuno no libro titulado «Visiones y paisajes españoles» eisterioriza, igualmente, a sua admiración pol-a obra xenial da eisceisa galega e que, pol-o derradeiro, Cataluña, a terra peninsuar mais apta e preparada pra gustare as eiscelenzas de todo o verdadeiramente bon que se produce na Hespaña e fora da Hespaña, foi onde pirmeiro s'espallou o cofecimento da nosa poetisa, até o punto de chegar a sere casi tan compreto alí como na propia Galiza. E como colofón axeitado de todo o que vai dito nas liñas denanteriores eu non quero deixar de lembrare o feito tan significativo de que a esgrevia autora de «Cantares galle-

gos», pol-a sua ben adequirida sona, foi invitada en mais de unha ocasión, sen que a invitación fose endexamais aceptada, a presidire os Xogos Froraes da Provenza, honor que, como calquera comprende, non era posibel sere ofrescido a ninguén que se non achara en posesión de unha ben acusada e ganada persoalidade literaria.

Temos, por conseguinte, os feitos, a realidade, os xuízos autorizados que persoalidades tan diversas e aínda opostas emitiron encol de Rosalía. E vemos como todos eles coinciden en revelarnos con craridade meridiana o que Rosalía foi: un gran poeta, un enorme i-eiscepcional poeta. Soio Fernández Armesto aparce—él saberá por qué—én crara e resolta disensión. Francamente é lamentabel, mais non é cousa de chorarenen moito menos. Alá cada un coás suas cousas. Mais, por si val o dito dito queda.

RAMÓN VILLAR PONTE

MARE GALLAICUM

No prefacio da sua revista «A Época» (1840) estampa Dostoiwsky—valor de eternidade na literatura universal—modo de credo dous propósitos adoitados á nosa terra e ós nosos tempos.

Dí de primeiro:

«Por fertil que sexa unha idea importada de fora, non tomará raíz nen se aclimatará, nin será endexamais útil, senón se acomoda á vida nazonal, senon responde a unha necesidade práctica, senon está dentro do espírito popular. Ningunha nación do mundo se pode formar con programas ou con culturas traídas do exterior, con inspirazóns e pensamentos alleos».

Elementos de Metodología de la Historia

FOR VICENTE RISCO

E logo engade o gran escritor ruso, pra cerrar aquela traectoria estas graves verbas:

«A capacidade de s'arrincar por un instante do seu país, pra contemplare sen prejuizos as lonxanías, é indece de rexa persoalidade, así como a facultade de mirar o extrangeiro con benevolencia constitute un dos mais grandes e mais nobres dons da natureza».

Deste xeito se poderir definir o noso *universalismo*,

Mare Gallaicum, que lembra Marcial: Terra pra mirar o mundo, pra se comunicar con todas as luces acendidas pol-o pensar humán.

PORTELA VALLADARES